



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS
SECCIÓN DE PLANS ESPECIAIS

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN A CONSULTA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DOS PLANS PROVINCIAIS DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación provincial da Coruña

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas,

RESOLVO:

Realizar, con carácter previo á elaboración dun texto sobre o asunto de referencia, unha consulta pública sobre a proposta de Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, previstos no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a través da Sede Electrónica desta Deputación Provincial co seguinte contido:

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DOS PLANS PROVINCIAIS DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Co obxecto de facilitar a participación na consulta pública, publicarase no taboleiro e no portal de transparencia da Sede Electrónica desta deputación o texto da proposta da Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña, que contén na súa exposición de motivos os antecedentes da norma, problemas que se pretenden solucionar, necesidade e oportunidade da súa aprobación e os seus obxectivos.

Os concellos, cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre a proposta durante o prazo de dez días naturais que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, a través do apartado Proxectos normativos do Portal de transparencia da Sede electrónica desta deputación.

Só serán consideradas as opinións nas que o remitente estea identificado.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.